



## **Asunto: Información sobre o procedemento de matriculación nas probas de nivel de Cambridge English.**

Estimadas familias,

Dende o departamento de Inglés queremos comunicarlles que, tras unha conversación cos responsables de Cambridge English, aquel alumnado interesado en realizar as probas de certificación de B1 e B2 e que **non esté matriculado en 4º ESO pode realizar ditas probas no noso centro** cos seguintes prezos:

- **B1 Preliminary for schools: 100€**
- **B2 First for schools: 171€**

Aquel alumnado interesado en realizar ditas probas, debe poñerse en contacto coa xefa de departamento ou algún membro do equipo directivo do centro e seguir os seguintes pasos para a matriculación nas probas de Certificación:

- 1 O alumnado debe acceder á URL: <https://intranet.cemdesk.com/cbs/codigos/es/>
- 2 Dende aquí procederá a matricularse, empregando o código da convocatoria da que desexe ser examinado. O prazo de matrícula será ata **o 28 de marzo**, este día incluído.
  - **convocatoria PB B1 Preliminary for schools (PET) BOIRO 08/05/2024.**  
**Código: TQ50B**
  - **convocatoria PB B2 First for schools (FCE) BOIRO 08/05/2024.**  
**Código: KPT22**

As probas de **B1 e B2** terán lugar **o mércores 8 de maio de 2024 no noso centro.**

- 3 Ao acceder á aplicación, o alumnado terá que completar os datos persoais e facer o pago da matrícula, con tarxeta ou ben mediante transferencia bancaria. Cada un terá un usuario e un contrasinal para acceder á aplicación. **IMPORTANTE:** para confirmar a matrícula deben subir o xustificante de pago co seu perfil de usuario.
- 4 Todas as matrículas tramitadas con estes códigos quedarán asociadas á conta do IES A Cachada na aplicación de exames de Cambridge English. O alumnado poderá facer un seguemento do proceso de matriculación accedendo coa clave á aplicación.

Atentamente.

En Boiro, a 21 de febreiro, 2024

Rosalía Pérez

(Xefa do departamento de Lingua Inglesa).